

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**TUI**

**Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA PROCESOS SELECTIVOS PARA CONTRATAR PERSOAL PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS TEMPADA 2019*

**PROCESOS DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL,  
DE PERSOAL PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS**

*1.—CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TEMPO COMPLETO, DUNHA PRAZA DE OPERARIO DE MANTEMENTO PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS. PROCESO EXPEDIENTE 1093/2019*

Con data 21 de maio de 2019, aprobáronse, por Resolución da Alcaldía, as Bases de selección para a contratación laboral temporal, a tempo completo, dunha praza de operario de mantemento para as piscinas municipais para o Concello de Tui

*2.—CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, DE DÚAS PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS DIVERSOS E MANTEMENTO PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS. PROCESO EXPEDIENTE 1097/2019*

Con data 24 de maio de 2019, aprobáronse, por Resolución da Alcaldía, as Bases de selección para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, de dúas prazas de operarios de servizos diversos e mantemento para as piscinas municipais para o Concello de Tui

As instancias polas que se solicita formar parte en cada proceso selectivo, dirixiranse ao alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de sete días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra

As bases íntegras, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) e na súa páxina web, [www.tui.gal](http://www.tui.gal).

O Alcalde, Carlos Vázquez Padin

Tui, a data da sinatura dixital a marxe.

